

A folga nas instalacións deportivas estenderase máis días debido ao inmovilismo empresarial

Empregados das instalacións deportivas de Galiza decidiron ampliar a folga e estendela do 19 ao 22 de decembro e do 16 ao 20 de xaneiro. Os paros serán indefinidos a partir do 1 de febreiro. A convocatoria xa foi rexistrada ante a Consellaría de Traballo.

04/12/09.

A folga abrangue todos os centros deportivos, instalacións acuáticas, clubs náuticos e deportivos, sexan en instalacións privadas ou públicas en concesión a empresas privadas ou prestacións de servizos por empresas privadas, e abarca, en xeral, todas as empresas afectadas polo Convenio Estatal de Instalacións Deportivas e Ximnasia, aínda que nestes intres se estean aplicando outros convenios colectivos.

O persoal xa secundou masivamente tres xornadas de folga en novembro que se saldaron cun éxito importantísimo. Os traballadores/as optaron novamente por esta medida de presión como consecuencia da ruptura das negociacións do convenio colectivo, acontecida o pasado 5 de novembro.

Novas relacionadas: [Amplio seguimento no primeiro día de folga nas instalacións deportivas](#) [1]

[O sector de instalacións deportivas acorda ir á folga os días 26, 28 e 30 de novembro](#) [2]

[Rompen as negociacións no convenio de instalacións deportivas](#) [3]

[Traballadores de instalacións deportivas están convocados a asembleas na Coruña e Pontevedra](#) [4]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.26/amplio-seguimento-no-primeiro-dia-de-folga-nas-instalacions-deportivas>

[2] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.18/o-sector-de-instalacions-deportivas-acorda-ir-folga-os-dias-26-28-e-30-de-novembro>

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.11.06/rompen-negociacions-no-convenio-de-instalacions-deportivas>

[4] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.27/traballadores-de-instalacions-deportivas-estan-convocados-asembreas-na-coruna-e-pont>